



## Concello de Xinzo de Limia

### **NOTIFICACION COLECTIVA PROCESO DE SELECCIÓN DUN PROFESOR/A, PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA CONVOCATORIA PUBLICADA NO DIARIO “LA REGIÓN” DE DATA 07/09/2024 (ARTIGO 45 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO DE PROCEDEMENTO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS)**

Por **Decreto de Alcaldía** de data 23/09/2024 resolveuse:

#### **“DECRETO DE BAREMACIÓN, SELECCIÓN E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN. CONCURSO DE MÉRITOS CONTRATO TEMPORAL SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA PROFESOR/A**

Vista a proposta da Comisión Avaliadora, relativa ao concurso para a selección e contratación mediante contrato de substitución da persoa traballadora dun profesor/a por mor da a urxencia e inaprazable necesidade de proceder a cobertura do posto ante a ausencia da titular da praza, proposta que se recolle na acta de valoración de méritos do seguinte teor literal:

#### **“ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 06.09.2024 na Sala de Xuntas da Casa do Concello, escusa a súa ausencia a primeira vogal dona Mónica Legaspi Diaz, interventora do Concello, por motivos profesionais, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 13,00 horas do día **19 de setembro de 2024**, procédese ao exame da documentación presentada polos/as aspirantes para tomar parte no proceso **de contratación temporal dun/ha profesor/a** axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, coas adaptacións oportunas recollidas no Decreto de Alcaldía de data 06.09.2024, actualizado consonte as previsións do Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado por Real Decreto Lexilativo 5/2015 de 30 de outubro.

Examinada a documentación relativa ó cumprimento dos requisitos, o Tribunal admite a todos os/as aspirantes presentados/as.

Procédese polo Tribunal ao exame da documentación presentada polos aspirantes admitidos/as para tomar parte no mentado concurso de méritos resultando a seguinte baremación:

#### **BAREMACIÓN:**

Rexistro	Nome	Apelidos	DNI	Circunstancias persoais						Experiencia		Méritos			Total
				a	b	c	d	e	f	a	b	a	b	c	





## Concello de Xinzo de Limia

2024-E-RE-1167	Cristina	Pérez Quintas	***1719**							7,2		2,2	2		<b>11,4</b>
2024-E-RE-1183	María	Bolaño Álvarez	***5681**									2,5			<b>2,5</b>
2024-E-RE-1178	Laura	Joga González	***3555**							2,2	2,2	2			<b>6,4</b>
2024-E-RE-1181	Silvia	Arce Iglesias	***4674**								0,7				<b>0,7</b>

### **Proposta do Tribunal:**

#### **Efectúase a seguinte proposta á alcaldía:**

Proceder á contracción temporal da aspirante dona Cristina Pérez Quintas, con \*\*\*1719\*\* ,segundo o indicado no Decreto de Alcaldía de data 06.09.2024.”

Considerando que a proposta axústase o sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, coas adaptacións oportunas recollidas no Decreto de Alcaldía de data 06/09/2024 e máis os requisitos específicos sinalados no anuncio da convocatoria, publicado no diario La Región.

Vista a renuncia presentada por dona Cristina Pérez Quintas en data 21/09/2024.

Visto que nas bases que rexen o procedemento recolleuse literalmente **“RENUNCIA: Se algún aspirante renuncia ao chamamento acudirse ó seguinte aspirante en orde de puntuación”**

Considerando que a tramitación do expediente axustase ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia.

Pola presente e de conformidade coas facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 41.14 do R.D. 2568/1986 así como no artigo 21.1 h) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, **veño en resolver:**

1º.- Outorgar a seguinte puntuación ós concursantes presentados e admitidos no proceso:

#### **BAREMACIÓN:**

Rexistro	Nome	Apelidos	DNI	Circunstancias persoais					Experien- cia		Méritos			Total	
				a	b	c	d	e	f	a	b	a	b		c
2024-E-	Cristina	Pérez	***1719**							7,2		2,2	2		<b>11,4</b>





## Concello de Xinzo de Limia

RE-1167		Quintas											
2024-E-RE-1183	María	Bolaño Álvarez	***5681**									2,5	2,5
2024-E-RE-1178	Laura	Joga González	***3555**							2,2	2,2	2	6,4
2024-E-RE-1181	Silvia	Arce Iglesias	***4674**									0,7	0,7

2º.- Aceptar a renuncia presentada pola candidata dona Cristina Pérez Quintas, con \*\*\*1719\*\*.

3º.- **Xa que logo, seleccionar á seguinte candidata en orde de puntuación: Laura Joga González con \*\*\*3555\*\*.**

4º.- Sinalar á candidata seleccionada que deberá achegar antes da respectiva contratación nun prazo non superior a tres días hábiles dende a notificación desta resolución a seguinte documentación:

- Fotocopia da cartilla de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado do Nº de Conta Bancaria para facer o ingreso da nómina.

5º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web, durante dez días naturais, expresando o réxime de recursos que contra a mesma caiban, así como darlle traslado ó aspirante seleccionado para que achegue en prazo a documentación sinalada.”

### RECURSOS:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.

### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

